

# VIGO, terreo de xogo

Vivimos nunha cidade fermosa

CONCELLO  
DE VIGO



## XXXVI GRAN PREMIO CIDADE DE VIGO DE ATLETISMO

Sábado 11 de Xullo a partires das 19:00 h.  
Pista Municipal de Atletismo de Balaidos (Vigo)



ORGANIZA:



COLABORAN:



PATROCINA:

CONCELLO  
DE VIGO



ORGANIZA:



Club Atletismo  
Femenino Celta

COLABORAN:



FEDERACION GALEGA  
DE ATLETISMO



COMITE SAAVEDRA  
DE BALAIIDOS

PATROCINA:

CONCELLO  
DE VIGO





# VIGO, terreo de xogo

Vivimos nunha cidade fermosa

## “XXXVI GRAN PREMIO CIDADE DE VIGO DE ATLETISMO”

### · HISTORIA.

Na xa longa historia do atletismo vigués, que arranca no ano 1913, o “**GRAN PREMIO CIDADE DE VIGO**” en pista, iniciado no 1958, representa un dos seus máximos acontecementos, entre os distintos campionatos nacionais e encontros internacionais de atletismo, ruta e campo a través celebrados na cidade.

Foi en xullo de 1958 cando este “Meeting”, ao estilo dos grandes nacionais e europeos, se disputou por vez primeira nas desaparecidas pistas de cinza do Estadio de Fútbol de Balaídos e xa daquela viñeran a competir os mellores fondistas de España e Portugal en carreiras de 2.000 e 5.000 metros, ante milleiros de seareiros, gañando os olímpicos Tomás Barris e Antonio Amorós.

Aquela xornada inicial alcanzou un éxito espectacular e dende entón inclúese anualmente no calendario da RFEA, sempre baixo o patrocinio do Concello de Vigo, no desexo de consolidar a proba coma un acontecemento deportivo de primeira orde, enriquecendo o calendario do atletismo galego.

Sería na edición do ano 1991, na 25ª edición precisamente, cando o “**GRAN PREMIO CIDADE DE VIGO**” alcanzase maior resonancia, pois nas novas pistas do Estadio Municipal de Atletismo de Balaídos reuníranse atletas dos Estados Unidos, Rusia, Xamaica, Nixeria, Hungría, Brasil, Kenya, Portugal e os mellores atletas españois, para ofrecernos un espectáculo deportivo do máis alto nivel, coas gradas das pistas cheas e coa retransmisión en directo da RTVE.

Quédanos no recordo un *récord* de España establecido nese “Meeting”. O feminino de 100 metros lisos pola estadounidense nacionalizada española, Sandra Myers, cun tempo de 11,06 que se mantén vixente, a día de hoxe no palmarés nacional. A proba foi gañada pola xamaicana, Marlene Ottey, que co seu tempo de 10,79 rexistrou o mellor rexistro mundial daquel ano na distancia.

O “**GRAN PREMIO CIDADE DE VIGO**” representa unha proba indispensable no calendario do atletismo vigués e galego; é un “Meeting” excepcional e rechamante para os atletas grazas aos premios económicos que se reparten, á organización que busca o espectáculo, a excelencia organizativa e a posibilidade que se abre para a mellora das marcas dos seus participantes debido á calidade dos atletas presentes. É o atletismo o primeiro deporte olímpico e, nesta condición, precisa do apoio unánime para cumprir a súa dobre misión: espectacular e formativa.

ORGANIZA:



COLABORAN:



PATROCINA:

CONCELLO  
DE VIGO





# VIGO, terreo de xogo

*Vivimos nunha cidade fermosa*

## · REGULAMENTO DA PROBA:

### · ARTIGO 1. Organizadores.

O **Club Atletismo Feminino Celta** co patrocinio do **Concello de Vigo** e a colaboración da Federación Galega de Atletismo e o Comité Galego de Xuíces organizará o vindeiro mes de xullo o **“XXXVI GRAN PREMIO CIDADE DE VIGO DE ATLETISMO”**.

Dende o club pretendemos que esta competición volva a ser un referente atlético a nivel nacional e internacional.

### · ARTIGO 2. Data e instalación.

O **“XXXVI GRAN PREMIO CIDADE DE VIGO DE ATLETISMO”** terá lugar o vindeiro sábado 11 de xullo a partir das 19:00 horas na Pista Municipal de Atletismo de Balaídos (Vigo).

### · ARTIGO 3. Participantes.

Poderán participar aqueles atletas con licenza federativa FGA ou RFEA en vigor para a temporada 2014 – 2015.

Os atletas estranxeiros deberán ter licenza federativa en vigor e o permiso da Federación Nacional correspondente para competir en España.

### · ARTIGO 4. Control técnico da proba.

A competición estará controlada polo Comité Galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo.

### · ARTIGO 5. Inscripcións.

#### 5.1. Inscripcións atletas con licenza FGA ou RFEA

Os atletas con licenza FGA ou RFEA, realizarán a súa inscrición a través da intranet da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/main.asp>) dende o mércores 1 de xullo, ata as 20:00 horas do mércores 8 de xullo.

Os atletas deberán aportar a súa mellor marca da temporada 2015 na proba que participen.

ORGANIZA:



COLABORAN:



PATROCINA:

CONCELLO  
DE VIGO



# VIGO, terreo de xogo

*Vivimos nunha cidade fermosa*

## 5.2. Inscricións atletas estranxeiros

Os atletas estranxeiros realizarán a súa inscrición enviando un correo electrónico a: [cafcelta@hotmail.es](mailto:cafcelta@hotmail.es), indicando os seguintes datos: nome e apelidos, data de nacemento, número de licenza, DNI, club, proba na que se inscribe e mellor marca nesa proba na temporada 2015. A inscrición dos atletas estranxeiros deberá enviarse á organización antes das 20:00 horas do martes 7 de xullo.

## · ARTIGO 6. Listado de admitidos.

A Organización publicará nas páxinas web: [www.celtaatletismo.es](http://www.celtaatletismo.es) e <http://www.fgatletismo.es/vigo/> a listaxe cos atletas admitidos e a composición das series nas carreiras o xoves 9 de xullo.

## · ARTIGO 7. Confirmacións e entrega de dorsais.

Todos os inscritos retirarán persoalmente o seu dorsal na Secretaría da Competición o mesmo día da proba, como mínimo cunha hora de antelación sobre a proba na que se participe. Entregarase un único dorsal que irá colocado na parte dianteira da camiseta.

## · ARTIGO 8. Cámara de chamadas.

PROBA	PRESENTACIÓN	SAÍDA A PISTA
Carreiras	20´	10´
Concursos	30´	30´
Salto con pértega	60´	45´

ORGANIZA:



COLABORAN:



PATROCINA:

CONCELLO  
DE VIGO





# VIGO, terreo de xogo

*Vivimos nunha cidade fermosa*

## · ARTIGO 9. Premios.

### 9.1. Medallas

Entregarase medalla aos tres mellores atletas de cada unha das probas programadas na competición.

### 9.2. Premios económicos

A Organización entregará os seguintes premios económicos nas probas de categoría absoluta, sempre que o atleta supere os 800 puntos por táboa IAAF en vigor:

1º CLASIFICADO	2º CLASIFICADO	3º CLASIFICADO
100 €	60 €	40 €

## · ARTIGO 10. LOPD.

Todos os atletas ao realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e internet.

## · ARTIGO 10. Horario e programa de probas (Ver anexo 1).

## · ARTIGO 11. Normativa aplicable.

Todo o reflectido no presente regulamento rexerese polas normas vixentes da FGA, RFEA e IAAF.



ORGANIZA:



COLABORAN:



PATROCINA:

CONCELLO  
DE VIGO



# VIGO, terreo de xogo

Vivimos nunha cidade fermosa

· ANEXO 1. Horario e programa de probas.

## “XXXVI GRAN PREMIO CIDADE DE VIGO DE ATLETISMO”

11 de xullo de 2015 – Pista Municipal de Atletismo de Balaídos

HORARIO				
HORA	PROBA	MÍNIMA 2015 (1)	SEXO	CATEGORÍAS
19:00	100 m. lisos. (Sf) (2)	13,50 s.	MULLERES	C/Xv/Jr/P/S/V
	100 m. lisos. (Sf)	11,80 s.	HOMES	C/Xv/Jr/P/S/V
	Martelo 7,26 kg.	45,00 m.	HOMES	Jr/P/S/V
	Pértega mixta (3)	3,50 m.	MIXTA	C/Xv/Jr/P/S/V
	Lonxitude	4,50 m.	MULLERES	C/Xv/Jr/P/S/V
19:40	300 m. lisos	s.m.	MULLERES	Cadete
	300 m. lisos	s.m.	HOMES	Cadete
20:00	400 m. lisos	1,06,00	MULLERES	Xv/Jr/P/S/V
	400 m. lisos	53,50 s.	HOMES	Xv/Jr/P/S/V
	Xavelina 500/600 gr.	30.00 m.	MULLERES	C/Xv/Jr/P/S/V
	Lonxitude	6,00 m.	HOMES	C/Xv/Jr/P/S/V
20:30	800 m. lisos	2,26,00	MULLERES	Xv/Jr/P/S/V
20:45	1.500 m. lisos	4,10,00	HOMES	Xv/Jr/P/S/V
21:00	3.000 m. lisos	11,30,00	MULLERES	Xv/Jr/P/S/V
21:15	100 m. lisos	FINAL	MULLERES	C/Xv/Jr/P/S/V
	100 m. lisos	FINAL	HOMES	C/Xv/Jr/P/S/V
21:30	10 x 300 m. r: 2´(4)	EXHIBICIÓN	HOMES	Xv/Jr/P/S/V
21:50	Cerimonia de Premiados			

(1). No caso de non completar as probas coas mínimas establecidas, admitiranse as mellores marcas inscritas ata un máximo de 12 atletas por proba.

(2). **100 m. lisos:** Clasificaranse para as finais os 8 mellores tempos da totalidade das semifinais.

(3). **Cadencia no salto con pértega:** 3,11- 3,31- 3,51- 3,61- 3,71 e de 10 en 10 cm.

(4). **A proba de 10 x 300 m.,** está programada como unha proba de exhibición. Os atletas interesados en participar deberanse inscribir unha hora antes na Secretaría da Competición. Os atletas terán que completar 10 series de 300 metros por rúa libre, cunha recuperación aproximada de dous minutos. O derradeiro atleta en cada serie será eliminado. O vencedor será o atleta que remate a última serie no primeiro lugar. Habrá un PREMIO ESPECIAL para o gañador.

ORGANIZA:



COLABORAN:



PATROCINA:

CONCELLO  
DE VIGO

